



**ACTA DA SESION CONSTITUTIVA DA NOVA CORPORACIÓN E DE
ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIONS
LOCAIS CELEBRADAS O DIA 22 DE MAIO DE 2011.**

No salón de actos da Casa Consistorial de VIVEIRO, sendo as once horas do día once de xuño de dous mil once, concorren, previa convocatoria, para dar cumprimento ó que se dispón nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de Xuño, de Réxime Electoral Xeral e o 37.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, os Sres./Concelleiros/as electos/as nas últimas Eleccións Locais celebradas o día 22 de maio de 2011, que a continuación se expresan:

- 1.-D. Cesar Aja Mariño (P.P.)
- 2.-D. Jaime Eduardo de Olano Vela (P.P.)
- 3.-D^a.María del Carmen Gueimunde Gonzalez (P.P.)
- 4.-D^a.Cándida Mendez Salgado) (P.P.).
- 5.-D.Celestino Valentín García Paz (P.P.)
- 6.-D.Antonio José Bouza Rodil (P.P.)
- 7.-Don Melchor Roel Rivas(Ps de G-PSOE)
- 8.-D^a. María Loureiro García, (PS de G-PSOE)
- 9.-D.Jesús Antonio Fernández Cal PS de G-PSOE)
- 10.-D^a.María Isabel Rodríguez López (PS de G-PSOE)
- 11.-D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro (PS de G-PSOE)
- 12.-D^a.Covadonga Viamonte Aguiar (PS de G-PSOE)
- 13.-D.Bernardo José Fraga Galdo (B.N.G.)
- 14.-D^a.Olalla Casas Chaves (B.N.G.)
- 15.-D.Manuel Galdo Dopico (B.N.G)
- 16.-D.Guillermo Leal Arias (IVI)
- 17.-D.Jesús Fernández Fernández (IVI)

Que constituen a totalidade dos concelleiros electos, é decir, dezasete (17), ó obxecto de celebrar sesión pública extraordinaria de Constitución do Concello, con carácter previo á formación da Mesa de Idade, pola Secretaria Accidental da Corporación, D^a. Fátima Moar Rivera procédese a dar lectura á copia da Acta de proclamación remitida pola Xunta Electoral de Zona de Mondoñedo, pola que se procede á proclamación oficial dos Candidatos Electos. Igualmente fai constar que se cumpriu o requisito que preceptúa o art. 7º do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, como trámite previo legal para este acto, que é a presentación de credenciais, así como os artigos 30 e 31 do mesmo Regulamento o que se refire o rexistro de intereses e incompatibilidades e o artigo 6 da Lei Orgánica de Réximen Electoral Xeral sobre a inlexibilidade.

A continuación pola Sra.Secretaria dase conta de que a orde das actuacións que se van a levar a cabo nesta sesión de Constitución da Corporación e elección do Alcalde é a seguinte:



- 1.-Formación da Mesa de Idade.-Que comprobará as credenciais dos distintos concelleiros electos.
- 2.-Xuramento ou promesa do cargo de concelleiro e declaración, de ser o caso , de constitución da Corporación.
- 3.-Elección do Alcalde-Presidente
- 4.-Xuramento ou promesa e toma de posesión do Alcalde.
- 5.-Lectura de valoración de bens e estado de Tesourería e Inventario.

1.-FORMACION DA MESA DE IDADE,

A continuación procédese a formar a Mesa de Idade que está integrada polo Concelleiro electo de maior idade, de entre os asistentes **Don Celestino Valentín García Paz**, (20.03.1949) que é quen preside dita Mesa, e polo concelleiro de menor idade, tamén de entre os asistentes, **D.Bernardo Jose Fraga Galdo**,(19.12.1983) e actuando como Secretaria da mesma, a Secretaria Accidental da propia Corporación. Que pasan a ocupar a Mesa Presidencial.

Constituída a Mesa de Idade, declárase aberta a sesión, esta procede a comprobar as credenciais presentadas ou acreditacións de personalidade dos electos/tas, baseándose na certificación recibida da Xunta Electoral de Zona e, comprobando que se cumpre a esixencia determinada polos arts. 195.4 da mencionada Lei Orgánica e 37.4 do referido Regulamento.

2.-TOMA DE POSESION DOS CONCELLEIROS,XURAMENTO OU PROMESA SEGÚN FORMULA CONTIDA NO REAL DECRETO 707/1979, DE 5 DE ABRIL.

A continuación procédese, acto seguido, de orde da Mesa de Idade, polo **Presidente** a dar cumprimento ó requisito legal, segundo dispón o artigo 108 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificado pola Lei Orgánica 8/1991, de 13 de marzo, no momento da toma de posesión e para adquirir a plena condición do cargo de Concelleiro/ra, os candidatos electos deberán xurar ou prometer acatamento á Constitución. Procedendo a formular a cada uno dos candidatos electos, a seguinte pregunta, contida no Decreto 707/1979, de 5 de abril, no seu artigo 1º, que é a seguinte”

“¿Xura ou promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro con lealdade ao Rei, e garda e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?.

- 1.-D. Cesar Aja Mariño (P.P.),SI XURO:.....
- 2.-D. Jaime Eduardo de Olano Vela (P.P.),SI, XURO.....
- 3.-Dª.María del Carmen Gueimunde Gonzalez (P.P.),SI XURO
- 4.-Dª.Cándida Mendez Salgado) (P.P.).SI, XURO



- 5.-D.Celestino Valentín García Paz (P.P.),SI, XURO
- 6.-D.Antonio José Bouza Rodil (P.P.),SI XURO
- 7.-Don Melchor Roel Rivas(PS de G-PSOE) - SI, PROMETO
- 8.-D^a. María Loureiro García, (PS de G-PSOE). SI, PROMETO
- 9.-D.Jesús Antonio Fernández Cal (PS de G-PSOE) SI, PROMETO
- 10.-D^a.María Isabel Rodríguez López (PS de G-PSOE) SI, PROMETO
- 11.-D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro (PsdeG-PSOE),SI, PROMETO
- 12.-D^a.Covadonga Viamonte Aguiar (Psde G-PSOE), SI, PROMETO
- 13.-D.Bernardo José Fraga Galdo (B.N.G.) SI, PROMETO
- 14.-D^a.Olalla Casas Chaves (B.N.G.) SI, PROMETO
- 15.-D.Manuel Galdo Dopico (B.N.G) SI, PROMETO
- 16.-D.Guillermo Leal Arias (IVI) SI, XURO
- 17.-D.Jesús Fernández Fernández (IVI) SI, XURO

Tras este Xuramento ou Promesa, os Sres citados adquiren plenamente a condición de Concelleiros, quedando constituída a Corporación por (17) Concelleiros que de dereito a forman.

A Presidencia da Mesa de Idade DECLARA CONSTITUIDA A CORPORACIÓN MUNICIPAL .

3.-ELECCION DO ALCALDE-PRESIDENTE

Procédese acto seguido, polo Presidente que forma a Mesa de Idade, dar lectura ás normas reguladoras da elección do Alcalde, contidas no artigo 196 da Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, que se transcribe literalmente:

“Na mesma sesión da constitución da Corporación procédese á elección do Alcalde, de acordo co seguinte procedimento:

- a) Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabezan as listas.
- b) Si algún de eles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros/ras é proclamado electo.
- c) Si ningún de eles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que haxa obtido maior número de votos populares no correspondente Municipio.

A continuación diríxese a cada uno dos Cabezas de Listas da Formación Política con representación municipal preguntando si se presentan como Candidatos a Alcalde, a o que responden negativamente os cabezas de lista P.P.; BNG; IVI é manifesta que presentan candidatura o (PSdG PSOE) .

NOME E APELIDOS DOS/DAS CANDIDATOS	LISTA OU CANDIDATURA NA QUE ESTAN INTEGRADOS/DAS
D.Cesar Aja Mariño	P.P...-Non presenta candidatura
D.Melchor Roel Rivas,	PSdG PSOE.-SI presenta
D.Bernardo José Fraga Galdo	BNG Non Presenta candidatura
D.Guillermo Leal Arias	IVI.-Non presenta candidatura



EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico: viveiro@fegamp.es

Acto seguido, de acordo co que dispón o artigo cento noventa e seis da varias veces citada Lei Orgánica 5/1985, procédese á elección de Alcalde en votación a mao alzada por todos os Sres/as Concelleiros/as. A Continuación pregúntase polo Sr. Presidente da Mesa de Idade o seguinte:

Votos a favor da única Candidatura que se presenta, sendo candidato D. Melchor Roel Rivas do PSdG-PSOE.....NOVE....(9) votos, que resulta ser do PSdG PSOE seis votos (6) e tres (3) do B.N.G.

-Votos en Contra.....Ningún

-Abstencións.....OITO que resultan ser do P.P. (6) e do IVI (2)

Inmediatamente, o Sr. Concelleiro é o que resultou elixido, por maioría absoluta, con Nove Votos a favor e Oito abstencións, como Alcalde deste Concello, **D. Melchor Roel Rivas**, integrado na Lista ou Candidatura de PSdG.PSOE..

4.-TOMA DE POSESION DO ALCALDE, XURAMENTO OU PROMESA

Neste Intre a Mesa de Idade, concretamente o **Sr. Presidente**, procede a tomar xuramento ou promesa do cargo de Alcalde a DON MELCHOR ROEL RIVAS- formulándolle a seguinte pregunta:

“¿Xura ou Promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de ALCALDE con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?.

A o que responde, SI PROMETO.

Toma posesión do seu cargo neste mesmo acto, entregándosele o Bastón de mando polo Presidente da Mesa de Idade D. Celestino Valentín García Paz (P.P.) é seguidamente pasando a ocupar a Presidencia é

Constituída Plenamente a Corporación por Presidente e Concelleiros, cesa a Mesa de Idade.

5º.-ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DO PATRIMONIO DA CORPORACIÓN

Pola Sra. Secretaria, faise constar a existencia presente da á acta de arqueo extraordinario redactada con motivo da constitución da nova Corporación, acompañada de todos os documentos que xustifican as existencias en metálico e valores propios da Corporación, depositados na Caixa Municipal e en entidades bancarias, así como a documentación relativa ao inventario do Patrimonio municipal e dos Organismos Autónomos do Concello, de acordo con preceptuado no número 2 do art. 36 do repetido Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e para os efectos do preceptuado polo art. 86 de Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e art. 33.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1.372/1986, do 13 de xuño.



INCIDENCIAS

O Sr. Alcalde-Presidente intervén para dar a palabra aos distintos partidos políticos que integran a Corporación.

D. Cesar Aja Mariño, do P.P. ,dálle as felicidades ao Sr. Alcalde-Presidente.

D. Bernardo José Fraga Galdo, d BNG, dálle as felicidades e agradece a enorme participación nas eleccións, motivo este que permitiu que saíra unha Concelleira do BNG, Dona Olaia Casas e que ven sendo a primeira Concelleira do BNG en Viveiro. Agradece o apoio recibido e dí que é para a súa persoa unha honra e un orgullo representar ao pobo e pensa que outras formas de gobernar son posibles, brindando o seu apoio a todos os grupos con diálogo e traballo, pedindo aos populares e independentes unha oposición constructiva para axudar ao goberno municipal e axudar aos vecinos, ao pobo porque todos temos a obriga de tirar do carro.

D. Guillermo Leal Arias, do IVI, dálle as felicidades ao Sr. Alcalde-Presidente e agradece os apoios recibidos, e comprométese a cooperar como Partido Independente de Viveiro con todo o bó e importante para Viveiro como se fixo ata agora.

Finalmente, o Sr. Alcalde-Presidente agradece, en primer lugar, a colaboración e rinde homeaxe ao que foi Concelleiro D. Orlando Expósito Mariño, de IU-EU, quen despois de vinteito anos deixa a Corporación, sendo esta unha etapa moi importante da historia democrática de Viveiro e tamén para a esquerda. Agradece tamén aos vecinos de Viveiro e a todos os concelleiros que van a ter que traballar por, para e desde Viveiro. Recoñecer esforzo dos concelleiros e representantes do BNG que propiciaron a constitución desta Corporación e configuraron un Goberno en Viveiro con maioría absoluta. Un Goberno Bipartito que garante unha xestión aínda que teñamos tempos difíciles, vai saír adiante, traballando e afrontando os sacrificios, de maneira que recaia mais en quen mais o necesite. Para rematar, e dirixíndose ao Maratón autonómico Urbano Olympics Galicia, que nestes intreos estaban a superar probas na Praza Maior, O Sr. Alcalde comenta que este grupo con esforzo e ilusión, ven en superarse día a día e ven a ensinarnos que todo con esforzo sal a diante e o pobo de Viveiro vai saír adiante.

Por último, por orde do Sr. Presidente da Corporación, levántase a sesión sendo a hora das doce do expresado día once de xuño de dous mil once, extendéndose a presenta acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, conmigo a Secretaria, de todo o cal certifico.

O ALCALDE

A SECRETARIA ACCTAL



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico: viveiro@fegamp.es



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico: viveiro@fegamp.es